



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Decembro 2017


Santiago de Compostela, 08 de febreiro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2017

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en decembro de 2017 un incremento do 6,4% con respecto a decembro de 2016, mentres que a nivel nacional o crecemento foi do 2,9%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo retrocederon un 2,3%, Pola contra, os bens de equipo, os bens intermedios e a enerxía avanzaron un 12,8%, 4,1% e 13,5% respectivamente.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden a “producción de enerxía eléctrica”, que achega 2,6 puntos, e a “reparación e instalación de maquinaria” xunto coa “industria da madeira e da cortiza”, que achegan 0,8 puntos cada unha delas á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, a máis salientable foi a “fabricación de bebidas” que resta 0,6 puntos á taxa interanual.
- No conxunto do ano 2017, o IPI rexistrou un crecemento en Galicia do 1,8%, mentres que a nivel nacional o incremento foi do 2,6%.

Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2017



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de decembro de 2017 en Galicia acadou unha taxa interanual do 6,4%, mellorando en 0,3 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (6,1%). En España rexistrouse un avance do 2,9%, empeorando en 2,1 puntos a taxa acadada en novembro (4,9%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un descenso do 2,3%, o que resta 0,6 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un avance do 12,8%, o que achega 2,7 puntos a taxa interanual.
- Os **bens intermedios** creceron un 4,1% cunha repercusión positiva de 1,1 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que cunha taxa de 13,5%, achega 3,2 puntos a taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de novembro de 2017, por destino económico, os bens de consumo empeoran 4,1 puntos, os bens de equipo melloran 0,4 puntos, os bens intermedios empeoran 4,1 puntos e a enerxía mellora en 16,3 puntos a taxa interanual do mes anterior (-2,8%).

No conxunto do ano, o IPI creceu en Galicia un 1,8%, oito décimas menos que en España (2,6%). Por destino económico dos bens, a enerxía diminuíu en Galicia un 7,5%, restando 1,6 puntos á taxa de variación acumulada, mentres que os outros bens achegaron 3,4 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de decembro foron a “produción de enerxía eléctrica”, que achega 2,6 puntos, e a “reparación e instalación de maquinaria” xunto coa “industria da madeira e da cortiza”, que achegan 0,8 puntos cada unha delas á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas, a máis salientable foi a “fabricación de bebidas” que resta 0,6 puntos á taxa interanual.


3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -6,2% de La Rioja e o 21,7% de Extremadura. Ademais de esta última, presentan crecementos interanuais superiores a media estatal: Illes Balears (13,2%), Castilla-La Mancha (8,0%), Galicia (6,4%), Cataluña (5,4%), Andalucía (5,0%), Cantabria (4,5%), Murcia (4,3%), Asturias (4,1%), Aragón (4,0%) e Comunitat Valenciana (3,5%).

No conxunto do ano, os maiores incrementos danse en Murcia (9,2%), Cantabria (7,3%) e Asturias (7,2%). En sentido contrario, tres comunidades autónomas rexistraron taxas negativas: La Rioja (-5,9%), Castilla y León (-5,2%) e Navarra (-0,8%).


IPI decembro 2017

Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Decembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	88,4	6,4	1,8	--	--
Bens de consumo	94,6	-2,3	4,3	-0,6	1,2
Bens de equipo	65,8	12,8	3,8	2,7	0,8
Bens intermedios	83,9	4,1	4,8	1,1	1,4
Enerxía	126,5	13,5	-7,5	3,2	-1,6
España					
Xeral	90,3	2,9	2,6	--	--
Bens de consumo	84,8	-3,0	0,7	-0,8	0,2
Bens de equipo	96,6	4,7	2,5	1,0	0,6
Bens intermedios	85,5	2,7	5,0	0,8	1,6
Enerxía	99,8	9,2	1,6	1,8	0,3

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Decembro 2017

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderación
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	6,4		1,8		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	13,4	2,6	-10,6	-1,9	14,7
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	36,1	0,8	11,7	0,2	3,2
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	20,0	0,8	17,9	0,8	3,8
Fabricación doutro material de transporte	23,3	0,6	-29,2	-0,9	6,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	5,0	0,4	6,2	0,7	11,4
Confección de roupa de vestir	8,5	0,4	18,9	1,0	5,3
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	14,9	0,4	19,7	0,3	2,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	4,1	0,3	11,4	0,9	8,7
Outras industrias manufactureiras	47,8	0,3	16,0	0,1	0,4
Outras industrias extractivas	40,8	0,2	0,4	0,0	1,7
Fabricación de material e equipamento eléctrico	24,7	0,2	6,6	0,1	1,2
Industria do papel	9,0	0,2	5,5	0,1	1,8
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	2,9	0,1	7,2	0,2	3,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1,6	0,1	-0,2	0,0	5,0
Industria química	-0,9	0,0	5,4	0,1	1,5
Industria téxtil	-10,3	0,0	8,5	0,0	0,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-0,7	0,0	-2,5	-0,1	4,5
Industria da alimentación	-0,3	0,0	-0,1	0,0	12,1
Fabricación de mobles	-3,7	-0,1	5,0	0,1	1,6
Fabricación de bebidas	-10,6	-0,6	2,6	0,1	3,6
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Decembro 2017

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	90,3	2,9	2,6
Galicia	88,4	6,4	1,8
Andalucía	93,4	5,0	3,9
Aragón	84,9	4,0	4,8
Asturias	107,0	4,1	7,2
Baleares (Illes)	88,1	13,2	2,8
Canarias	95,3	2,6	1,0
Cantabria	85,4	4,5	7,3
Castilla - La Mancha	84,8	8,0	3,2
Castilla y León	85,4	-2,1	-5,2
Cataluña	96,4	5,4	3,9
Comunitat Valenciana	97,6	3,5	2,4
Extremadura	80,2	21,7	5,1
Madrid	82,1	-2,2	1,3
Murcia	89,1	4,3	9,2
Navarra	76,5	-1,6	-0,8
País Vasco	86,6	-3,5	2,6
Rioja (La)	72,0	-6,2	-5,9

Fonte: INE